


# bases




**CONCELLO DE SANTIAGO**  
Departamento de Educación

**kalandraka**

Concello de Santiago de Compostela  
Departamento de Educación  
Praza do Obradoiro n°1  
A Coruña - España  
dptoeducacion@santiagodecompostela.org  
www.santiagodecompostela.org  
Tfno: +34 981 554 400  
Fax: +34 981 571 511

R/ Italia 37 - oficina 10  
36162 Pontevedra - España  
editora@kalandraka.com  
www.kalandraka.com  
Tfno: +34 986 86 02 76  
Fax: +34 986 10 02 80



Oscar Vilhán

IV Premio Internacional  
**COMPOSTELA**  
para Álbums Ilustrados



O Departamento de Educación  
do Concello de Santiago de Compostela,  
en colaboración coa editorial Kalandraka,  
e no marco da súa XI Campaña  
de Animación á Lectura, convocan  
o IV Premio Internacional COMPOSTELA  
para Álbums Ilustrados, coas seguintes bases:

1. Poderán optar ao IV Premio Internacional COMPOSTELA para Álbums Ilustrados todas as obras que se poidan incluír na categoría de álbum ilustrado: un libro no que o relato se conta a través de imaxes e textos, de tal maneira que ambos os dous se complementen.

2. As obras poderán ser presentadas en calquera das linguas oficiais da Península Ibérica e deberán ser orixinais e inéditas. Non se admitirán aquelas que sexan adaptación doutros orixinais ou as obras que fosen premiadas ou mencionadas noutros concursos.

3. Poderán participar unha ou varias persoas, autores/as de texto e ilustración de calquera nacionalidade. Queda excluído o persoal da editorial Kalandraka.

4. Os proxectos poderán presentarse en calquera tamaño, técnica e formato, pero a extensión non deberá superar as 40 páxinas interiores (sen contar gardas nin cubertas).

5. Os/As autores/as que opten ao premio deberán presentar:

- Unha maqueta acabada do proxecto que se presenta.
- Cinco copias do texto.
- Tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en cor de cada unha delas.

6. Nas obras non constará en ningún momento o nome dos/as autores/as, senón un lema ou pseudónimo. Os datos persoais dos participantes achegaranse nun sobre pechado que no seu exterior indique o título da obra e o lema ou pseudónimo, e no seu interior, o nome ou nomes completos, enderezo, teléfono de contacto, enderezo electrónico. Dentro do sobre tamén se incluírán unha fotocopia do DNI ou pasaporte así como unha breve recensión biográfica.

7. Os traballos serán remitidos ou entregados no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (Rúa do Presidente Salvador Allende núm. 4, 15705 Santiago de Compostela. A Coruña. España). No sobre especificarase «IV Premio Internacional COMPOSTELA de Álbum Ilustrado». Nos sobres que se entreguen a través de axencias de transporte non deben aparecer os nomes dos autores.

8. O prazo de presentación de orixinais ábrese coa publicación destas bases e remata o 28 de febreiro de 2011. O selo postal non debe ser posterior á data do último día de entrega.

A decisión do xurado farase pública o 1 de abril de 2011, coincidindo co Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, no transcurso da XI Campaña de Animación á Lectura que organiza o Concello de Santiago de Compostela.

9. O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio na área da literatura e da ilustración infantil. Actuará de secretaria unha persoa que designen as entidades organizadoras. O premio poderá declararse deserto e a decisión do xurado será inapelable.

10. Establécese un único premio, dotado de 12.000 €, en concepto de adianto polos dereitos de autor. A aprobación do gasto queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na partida económica 32100.48901 dos orzamentos do ano 2011. O premio está suxeito á retención do imposto da renda das persoas físicas do 15%, segundo o disposto no artigo 101.3 da Lei 35/2006 de 28 de novembro, do Imposto da Renda das Persoas Físicas, ou o 24% no caso de non residentes. O importe do premio non se fará efectivo ata que o/a autor/a ou os/as autores/as entreguen a obra rematada para a súa publicación. A obra premiada publicarase en todas as linguas oficiais peninsulares (galego, catalán, éuscaro, castelán e portugués) pola editorial Kalandraka no mes de outubro do ano 2011 que, para tal efecto, asinará os respectivos contratos de edición. Así mesmo, a editorial terá prioridade de publicación daqueles traballos que recibisen mención especial do xurado. Este dereito terá vixencia durante un ano, despois do cal os/as autores/as poderán dispoñer libremente das súas obras.

11. O/A autor/a (ou autores/as) comprométese a entregar a obra rematada antes do 1 de setembro do 2011.

12. Os orixinais non seleccionados seranlles devoltos aos/ás autores/as que así o soliciten ao Concello, despois de se producir a decisión. Os orixinais serán devoltos ao enderezo que figure no sobre pechado a portes debidos. Transcorrido un mes despois do fallo do xurado, os orixinais non reclamados serán destruídos.

13. Se nestas bases quedase algunha cuestión sen precisar, corresponderalle ao xurado establecer a devandita cuestión e, se non o fixese, á organización do certame. A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases.